

Cruel filosofía

A banda da Loba

Proposta didáctica

Luísa Villalta

Letras Galegas 2024





Web A banda da Loba



Videoclip “Cruel filosofía”

Cruel filosofía

é unha das propostas musicais d’A banda da Loba,
interpretada xunto a Tomé Mouriño (De Ninghures),
para celebrar a Luísa Villalta neste 2024.

Un tema de ritmo latino baseado en 3 dos poemas incluídos no volume “As palabras ingrávidas” , editado no 2020 pola Xunta de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

“As palabras ingrávidas” é un poemario en construción que a autora estaba a escribir nun almanaque poético producido pola casa portuguesa Assírio & Alvim para o ano 2004. Nel atopamos a orixinal resposta de Luísa Villalta ao poema que se presentaba no calendario para cada día. Son composicións breves e concisas, pero cunha forte carga emocional, o que as converte en idóneas para analizar na aula e, como non, para cantar e bailar.

Letra da canción

Baseada en 3 poemas do volume 'As palabras ingravidas' (2020)

Danzas no tempo
que aínda é mar.

Danzas no tempo
que aínda é mar
e non chega.

Danzas no tempo
que aínda é mar.

Danzas no tempo,
eu xa dancei tamén
eu xa dancei tamén
eu xa dancei tamén
supondo que regresaba
con cada golpe de luz
con cada golpe de luuuuuuuuuz

Cruel filosofía:
florecer nas espiñas
Cruel filosofía: florecer
Cruel filosofía:
florecer nas espiñas,
flor, florecer!

Todos os feixes están
Todos os feixes están
sempre por atar
Todos os feixes están
Todos os feixes están
sempre por atar
e o baile non ata
e o baile non ata
e o baile non ata.

Cruel filosofía:
florecer nas
espiñas

Se é posíbel que as
órbitas
de dous astros remotos
se crucen
Por que desconfiar
da felicidade?

Poemas

'As palabras ingrávidas' (2020)

Danzas no tempo
que aínda é mar
e non chega

Eu xa dancei tamén
supondo que regresaba
con cada golpe de luz

Todos os feixes están
sempre por atar
e o baile non atas

Cando coñezas o silencio
de cada onda perdida,
segue danzando.
Abre ben os brazos,
respira cos ollos
e segue danzando.

20 xaneiro

Colapso ou
estiramento,
a eternidade
evita
ter que darlle
un fin concreto
á vida.

Cruel filosofía:
floreced nas
espiñas.

14 xaneiro

Se é posíbel que as
órbitas
de dous astros remotos
se crucen
por que desconfiar
da felicidade?

12 febreiro

Outros poemas

'As palabras ingrávidas' (2020)

Se houbese
evidencias
para a
esperanza,
non habería
esperanza
para a liberdade.

5 xaneiro

Hai flores de Tempo
no xardín.
Mais, se as corto,
desaparecen.

9 xaneiro

Teñamos bágoas
e non razóns
para elas
e, de as ter,
teñamos arte
para as comprender

16 xaneiro

Escoito a voz
que me silencia:

comezo a expresar
o necesario.

17-18 xaneiro

Encontrar o que se encontra:
actividade sen esforzo,
alerta e gozo.

18 febreiro

E é en soedade
que a vida busca
a vida
por compañía

20 febreiro

Propostas didácticas

Educación Primaria

- Ver o videoclip e adiviñar de que pode falar a letra.
- Completar a letra da canción (p.6) e/ou
- Cantar o tema seguindo a letra da canción (p.2).
- Comparar a letra cos poemas orixinais e atopar as diferenzas (p.3).
- Investigar sobre a obra poética de Luísa Villalta e, en particular, sobre o volume no que se inclúen estes poemas: “As palabras ingravidas” .
- Ler e comentar outros poemas do mesmo (p.4)
- Aprender o ritmo de percusión da introdución con percusión corporal (ver carpeta).
- Acompañar o tema con instrumentos de percusión de altura indeterminada (p.7). Segundo o nivel educativo, pódense incluír máis ou menos liñas rítmicas e adaptar a súa dificultade (ver carpeta).
- Inventar unha coreografía para bailar “Cruel filosofía” e celebrar con alegría este Día das Letras Galegas.

Para cantar, acompañar e bailar “Cruel filosofía” tede en conta que a súa FORMA MUSICAL é:

A - B - C (retrouso) - D (instr) - A' - C- E (instr) - F

Letra para completar

Danzas no _____

que aínda é mar.

Danzas no tempo

que aínda é mar

e non _____.

Danzas no tempo

que aínda é _____

Danzas no tempo,

eu xa _____ tamén

eu xa dancei tamén

eu xa _____ tamén

supondo que regresaba

con cada golpe de _____

con cada golpe de _____

Cruel filosofía:

florecer nas _____

Cruel filosofía: florecer

Cruel filosofía:

florecer nas _____

flor, _____

Todos os feixes están

Todos os _____ están

sempre por atar

Todos os feixes están

Todos os feixes están

sempre por _____

e o baile non atas

e o _____ non atas

e o baile non ata(s)

Cruel filosofía:

florecer nas

espiñas

Se é posíbel que as

órbitas

de dous _____ remotos

se crucen


Por que desconfiar

da _____

Acompañamiento con instrumentos de Percusión de Altura Indeterminada


PARTE A (estrofa 1)

Danzas no tempo
que ainda é mar ...




PARTE B (ponte)

con cada golpe de luz...




PARTE C (retrouso)

Cruel filosofía:
florecer nas espiñas...




PARTE D (instrumental)




PARTE A' (estrofa 2)

Todos os feixes están ...



PARTE C (retrouso)

Cruel filosofía:
florecer nas espiñas...



PARTE E (instrumental)



PARTE F

Flore, floreceer...



Propostas didácticas

Educación Secundaria

- Realizar diferentes actividades relacionadas coa lingua ou con aspectos literarios a partir da letra da canción vendo o videoclip. Deixámosvos algunhas propostas (p.9 e 10)
- Investigar sobre a vida e a obra poética de Luísa Villalta e, en particular, sobre o volume no que se inclúen estes poemas: “As palabras ingravidas” .
- Ler e comentar outros poemas do mesmo (p.4)
- Realizar unha colaxe literaria a partir dos poemas traballados (p.11)
- Aprender o ritmo de percusión da introdución con percusión corporal (ver carpeta).
- Acompañar o tema con instrumentos de percusión de altura indeterminada (p.7). Segundo o nivel educativo, pódense incluír máis ou menos liñas rítmicas e adaptar a súa dificultade (ver carpeta).
- Deixámosvos os acordes por se vos animades a acompañarnos tocando outros instrumentos, ou incluso tamén cantando. Sería unha bonita maneira de celebrar as Letras Galegas deste ano.(p.12)

Para cantar, acompañar e bailar “Cruel filosofía” tede en conta que a súa FORMA MUSICAL é:

A - B - C (retrouso) - D (instr) - A' - C- E (instr) - F

Propostas para traballar aspectos lingüísticos e literarios

- escoitar a canción, analizar a letra da mesma e escribir unha conclusión sobre a mensaxe que pensamos que quere transmitir.

Algunhas expresións nas que fixarnos para guiar a lectura. Que quererá dicir con isto Luísa? :

- “Danzas no tempo que aínda é mar e non chega”
- “Cruel filosofía: florecer nas espiñas”
- “Todos os feixes están sempre por atar e o baile non atas, e o baile non ata”

As nosas propostas de resposta a estas cuestións:

- “Danzas no tempo que aínda é mar e non chega” : o mar pode estar calmo ou bravío, mais entendemos que se está a falar de danzar nun tempo que non chega, será porque se refire á quietude propia do mar, unha onde se pode bailar e tomar as cousas con calma agardando a que algo aconteza.
- “Cruel filosofía: florecer nas espiñas” : pensamos que fala da capacidade que temos as persoas de rexurdir e florecer nas peores condicións. Esta é a nosa filosofía de vida, caer e erguerse, unha cruel filosofía.
- “Todos os feixes están sempre por atar e o baile non ata(s)” : sempre temos cousas por rematar, por organizar... e é cando nos botamos a bailar cando podemos non pensar niso e gozar do momento, sen necesidade de pensalo e de telo todo controlado.

Propostas para traballar aspectos lingüísticos e literarios

- Localizar diferentes figuras estilísticas e analízalas:
 - “Danzas no tempo” (metáfora)
 - “Golpe de luz” (sinestesia)
 - “O baile non ata(s)” (personificación)
 - “Florecer nas espiñas” (oxímoron)
- Traballar coas categorías gramaticais ou coa acentuación.
- Traballar con vocabulario, buscando o significado de certas palabras coa axuda do dicionario. Pode ser unha maneira de explorar campos semánticos ou practicar a hiperonimia e a hiponimia, tirando por exemplo de palabras como astros, órbita...
- Podemos crear outras poesías ou incluso outros xéneros literarios a partir desta obra. Unha opción sería continuar escribindo a partir dun fragmento de texto dado por nós.

Por exemplo:

Cruel filosofía, florecer nas espiñas. Unha filosofía de vida que sempre acompañou a Uxía dende ben nena, cando tivo que enfrontarse á morte de súa nai...

Colaxe literaria



Colaxe de Raquel Senra
"Árbore azul"

Con moi pouco material e un chisco de imaxinación podemos crear unhas colaxes literarias coas que decorar a aula ou os corredores do centro o día das Letras Galegas. Necesitamos:

- Papel, tesoiras e cola
- Algunha imaxe de Luísa ou ben calquera outro recurso que para nós represente a obra ou poema que queremos traballar. No caso de "Cruel filosofía" poden ser imaxes de mar, reloxos de area, flores, espiñas... ou ben simplemente papeis de cores, flores secas...
- Imprimiremos a letra do poema para poder escoller fragmentos da mesma que utilizaremos na nosa composición. Tamén podemos escribila nós se nos gusta a caligrafía ou ben recortar letras de diferentes revistas e xornais.

INTRO:

ReM / DoM / Mim / ReM
ReM / DoM / Mim / ReM

ESTROFA 1:

ReM DoM / Mim ReM
SolM DoM / Mim FaM
ReM DoM / Mim ReM
SolM FaM / Sim DoM
Sim DoM / Sim LaM
LaM / LaM

Danzas no tempo
que aínda é mar
Danzas no tempo
que aínda é mar
e non chega
Danzas no tempo
que aínda é mar
Danzas no tempo
Eu xa dancei tamén
supondo que regresaba

PONTE 1:

SolM Mim / ReM DoM (x2)
con cada golpe de luz

RETROUSO:

SolM ReM / DoM SolM
ReM DoM / Sim ReM
SolM ReM / DoM SolM
ReM DoM / Sim ReM
Cruel filosofía:
floreced nas espiñas

Acordes

I ton máis grave

PONTE 2:

ReM / DoM / Mim / LaM (x2)

ESTROFA 2:

ReM DoM / Mim ReM
SolM DoM / Mim ReM
ReM DoM / Mim ReM
SolM LaM / Sim DoM
Sim DoM / Sim DoM
Sim DoM / DoM
Todos os feixes están
Todos os feixes están
sempre por atar
Todos os feixes están
Todos os feixes están
sempre por atar
e o baile non atas
e o baile non atas
e o baile non ata(s)

RETROUSO

INSTRUMENTAL + IMPRO

SolM DoM / ReM DoM
SolM DoM / Mim ReM

INTRO:

MiM / ReM / Fa#m / SiM
MiM / ReM / Fa#m / SiM

ESTROFA 1:

MiM ReM / Fa#m MiM
LaM ReM / Fa#m SolM
MiM ReM / Fa#m MiM
LaM SolM / Do#m ReM
Do#m ReM / Do#m SiM
SiM / SiM

Danzas no tempo
que aínda é mar
Danzas no tempo
que aínda é mar
e non chega
Danzas no tempo
que aínda é mar
Danzas no tempo
Eu xa dancei tamén
supondo que regresaba

PONTE 1:

LaM Fa#m / MiM ReM (x2)
con cada golpe de luz

RETROUSO:

LaM MiM / ReM LaM
MiM ReM / Do#m MiM
LaM MiM / ReM LaM
MiM ReM / Do#m MiM
Cruel filosofía:
floreced nas espiñas

Acordes

Tonalidade orixinal

PONTE 2:

MiM / ReM / Fa#m / SiM (x2)

ESTROFA 2:

MiM ReM / Fa#m MiM
LaM ReM / Fa#m MiM
MiM ReM / Fa#m MiM
LaM SiM / Do#m ReM
Do#m ReM / Do#m ReM
Do#m ReM / ReM
Todos os feixes están
Todos os feixes están
sempre por atar
Todos os feixes están
Todos os feixes están
sempre por atar
e o baile non atas
e o baile non atas
e o baile non ata(s)

RETROUSO

INSTRUMENTAL + IMPRO

LaM ReM / MiM ReM
LaM ReM / Fa#m MiM

